

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

4130 *Real decreto 102/2010, do 5 de febreiro, polo que se regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de bacharel e de baccalauréat en centros docentes españois.*

Con data do 16 de maio de 2005 asínase o Acordo Marco entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa relativo a programas educativos, lingüísticos e culturais en centros escolares dos dous Estados. O devandito acordo fai referencia no seu artigo 7 a unha posible integración dos currículos respectivos de educación secundaria nun currículo común mixto, co obxecto de lles outorgar unha dobre titulación, ao termo dos estudos secundarios, aos alumnos que superen este currículo integrado.

Os representantes de España e de Francia, animados pola vontade común de continuaren promovendo a cooperación cultural entre os dous Estados, en particular no ámbito educativo, asinan o día 10 de xaneiro de 2008 o Acordo entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa relativo á dobre titulación de bacharel e de baccalauréat, co obxectivo de desenvolver o contido do acordo marco. Por tanto, procede agora ordenar a aplicación de ambos os dous acordos de modo que os seus beneficios poidan estenderse a centros de todas as comunidades autónomas, respectando as competencias que, en materia de currículo do sistema educativo español, teñen as administracións educativas.

A iniciativa responde ao dobre propósito de reforzar o ensino da lingua e a cultura do outro país e de contribuír á cooperación e á integración europeos.

Así, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recolle no seu preámbulo, como un dos seus principios inspiradores, o compromiso decidido cos obxectivos educativos formulados pola Unión Europea para os próximos anos.

Por outra parte, o artigo 6.6 da citada lei determina que o Goberno poderá establecer, no marco da cooperación internacional en materia de educación, currículos mixtos de ensino do sistema educativo español e doutros sistemas educativos, conducentes aos títulos respectivos.

A Constitución española establece, no seu artigo 149.1.30.^a, como competencia exclusiva do Estado, a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia de Educación. Emitiron informe o Ministerio de Política Territorial e o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, e conta co ditame do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude e por proposta do ministro de Educación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular as ensinanzas conducentes á obtención da dobre titulación de bacharel do sistema educativo español e de baccalauréat do sistema educativo francés impartidas en centros docentes españois, en virtude do Acordo Marco asinado con data do 16 de maio de 2005 entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa, relativo a programas educativos, lingüísticos e culturais en centros escolares dos dous Estados, desenvolvido polo Acordo de dobre titulación asinado en

París o 10 de xaneiro de 2008 entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa.

Artigo 2. *Currículo mixto.*

1. Os centros escolares españois que desexen ofrecer as ensinanzas conducentes á dobre titulación de bacharel e baccalauréat deberán implantar un currículo mixto integrador dos contidos esenciais para o coñecemento da realidade histórica, social e política de Francia, así como os métodos pedagóxicos e os criterios de avaliación acordados polas partes.

2. O alumnado acollido a este programa deberá recibir, polo menos, un terzo do horario lectivo en lingua francesa no conxunto do bacharelato.

Artigo 3. *Compoñentes do currículo mixto.*

1. As materias específicas do currículo mixto incluírán a lingua, literatura e cultura francesas e, polo menos, unha materia non lingüística do ámbito das ciencias sociais ou do ámbito científico, acordada polas partes. As devanditas materias serán obxecto dunha proba específica.

2. A distribución das diferentes materias do currículo mixto nos distintos cursos, así como a súa organización horaria, faranse de acordo coas normas reguladoras do sistema educativo español.

3. O Ministerio de Educación comunicará ás administracións educativas que xestionen centros acollidos ao Acordo de dobre titulación de bacharel e baccalauréat os contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación propios do sistema educativo francés que deberán ser integrados no currículo mixto.

4. A comunicación a que se refire o número anterior producirase con antelación abunda e como consecuencia, en todo caso, dos acordos que se adopten na comisión de seguimento prevista no artigo 7 do Acordo de dobre titulación.

5. O currículo mixto respectará en todo caso a proporcionalidade que corresponda ás ensinanzas comúns ou mínimas establecidas con carácter estatal.

Artigo 4. *Ensinanzas das materias específicas.*

1. Nos centros a que se refire este real decreto e nas etapas afectadas impartiranse integramente en lingua francesa, polo menos, as materias específicas do currículo mixto, cuxo contido será obxecto de acordo entre as partes e estará incluído na proba específica nos termos establecidos no artigo 7.

2. En virtude do artigo 2 do Acordo de dobre titulación, as ensinanzas deste currículo mixto deberán permitir que o alumnado alcance ao final da etapa, polo menos, o nivel de usuario independente correspondente ao nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas.

3. Poderán ser admitidos neste programa os alumnos e alumnas que cursasen a educación secundaria obrigatoria nunha sección bilingüe hispano-francesa, os que efectuasen toda ou parte da súa escolaridade obrigatoria no sistema educativo dun país de lingua francesa, así como os que poidan acreditar un nivel equivalente ao B1 do Marco común europeo de referencia para as linguas, no uso da lingua francesa ao comezo do bacharelato.

Artigo 5. *Formación do profesorado.*

1. O Ministerio de Educación, en colaboración coas comunidades autónomas, planificará as actividades de formación inicial e permanente do profesorado implicado neste currículo mixto, e establecerá as medidas oportunas para estimular a participación nelas e para favorecer a mobilidade internacional destes docentes.

2. De conformidade co artigo 6 do Acordo de dobre titulación, poderase establecer un sistema de colaboración entre as partes para a formación do profesorado implicado neste programa que poderá incluír a acollida de profesores nativos de ambos os dous países.

Artigo 6. *Centros escolares.*

1. Os centros escolares que impartan este currículo mixto serán seleccionados polas administracións educativas correspondentes. As administracións educativas comunicarán a relación de centros autorizados ao Ministerio de Educación, que dará conta da devandita relación á parte francesa.

2. As administracións educativas promoverán a organización de proxectos educativos comúns e de intercambios entre centros de ambos os dous países, co fin de favorecer as aprendizaxes e afianzar a cooperación intercultural hispano-francesa.

Artigo 7. *Avaliación e cualificación.*

1. Ao final do segundo curso de bacharelato o alumnado que desexe obter a dobre titulación realizará unha proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto correspondentes ao devandito curso.

2. Os exames das materias específicas do currículo mixto realizaranse integramente en lingua francesa, poderán ser escritos e/ou orais e serán avaliados por examinadores españois e franceses.

3. As materias específicas representarán, como máximo, un corenta por cento do total da avaliación final da cualificación do baccalauréat.

Artigo 8. *Titulación.*

1. O alumnado do sistema educativo español que superase todas as materias do bacharelato obterá o título de bacharel.

2. O alumnado dos centros docentes españois obxecto deste real decreto que ademais supere a proba externa específica, segundo o acordado polas partes, obterá o título de baccalauréat outorgado polo Ministerio de Educación Nacional francés. Deste requisito deberán ser informados os alumnos e os seus pais antes da iniciación dos seus estudos.

3. A proposta da dobre titulación de bacharel e baccalauréat respectará os procedementos de avaliación e os criterios de promoción do alumnado, incluídos os requisitos formais derivados do proceso de avaliación, acordados polas partes.

4. En virtude do establecido no Acordo entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa relativo á dobre titulación de bacharel e de baccalauréat, do 10 de xaneiro de 2008, o Ministerio de Educación de España disporá o necesario para facer efectiva a expedición do título de bacharel ao alumnado de centros franceses que cumpra o previsto a este respecto no devandito acordo.

5. Estes dous títulos outorgaranlle ao alumnado que os obteña o dereito a acceder ao ensino superior español e ao ensino superior francés de conformidade co establecido no artigo 1 do Acordo de dobre titulación.

Artigo 9. *Supervisión do Acordo de dobre titulación.*

1. A Comisión de seguimento, prevista no artigo 7 do Acordo de dobre titulación, regulará e velará polo bo funcionamento deste.

2. A comisión de seguimento creará unha comisión técnica formada por tres representantes do Ministerio de Educación e tres representantes das comunidades autónomas cuxos centros impartan o currículo mixto, que resolverá as cuestións que lle sexan asignadas.

Artigo 10. *Supervisión do currículo mixto.*

As administracións educativas poderán supervisar a través dos seus respectivos servizos de inspección o funcionamento do currículo mixto.

Disposición adicional única. *Expedición do título de bacharel ao alumnado das seccións internacionais de lingua española en centros franceses.*

En razón das similitudes curriculares e organizativas do programa a que se refire este real decreto co de seccións internacionais de lingua española en centros franceses incluído no mesmo Acordo marco entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa do 16 de maio de 2005, do que derivan un e outro programa, o Ministerio de Educación de España disporá, no contexto do disposto no artigo 8.4 deste real decreto, a expedición do título español de bacharel aos alumnos das devanditas seccións internacionais que, despois de obterem o título francés de OIB (Option Internationale du Baccalauréat), ante tribunais con participación española, superasen no marco do baccalauréat as probas das materias específicas impartidas nas referidas seccións internacionais de lingua española.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.30a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira segunda. *Autorización para o desenvolvemento.*

Autorízase o titular do Ministerio de Educación para ditar, no ámbito das súas competencias, as normas que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL